

Torneo Aberto de Outono de Ourense Xadrez Rápido 25 de setembro Espazo Xove

Cunha participación de 55 xogadores, algo menos que o sábado precedente, concluíu este segundo torneo de ritmo rápido no espazo Xove de Ourense. Ciclo que se completará co Intenacional a celebrar no Pavillón da Universidade o 2 de outubro.

Acabou gañando o GM Arián González, cubano afincado no Liceo de Ourense, con 8,5 puntos, cedendo únicamente un empate nas nove roldas que se disputaron. O segundo clasificado, con 8 puntos, Samuel Pérez cedeu na 7ª rolda ante o campión debido a un erro nos apuros de tempo cando tiña unha partida aparentemente con vantaxe para como mínimo non perder nun final de torres con peón de máis. O GM David Lariño quedou na 3ª posición ao ceder o punto contra o subcampión na 6ª rolda nunha posición que intentou forzar e na que se deixou unha peza, ademais dun empate na rolda anterior - a 5ª - contra o campión.

É de reseñar a participación polo número, máis de 5 participantes, dos xogadores de Mos que conseguiron dous premios, un sub 2000 e un sub 1200 Elo. Tamén é de reseñar pola procedencia a participación de 5 xogadores da Escola Porto, algunhas delas moi xovenciñas, os que conseguiron un 9º posto e un Sub 1600 Elo.

Tamén é de destacar o premio Sub 1800 polo incombustibel Joaquín Bello, xogador do Liceo máis veterano do torneo que segue a xogar a un nivel alto. Carlos Casares da Escola Luguesa Vetranos fíxose co Trofeo ao Campión Veterán, por diante de Marcos Lorenzo, do Liceo Ourense, que acabaría no 11º posto.

Finalmente, Pura Diéguez Novoa do Benchosey fíxose co trofeo a Campiona, sendo 18ª na xeral con 5 puntos.

É de reseñar o nivel de xogo mostrado polos participantes a pesares do ritmo rápido e a gran deportividade. Non se viu conflito, nin xogadas ilegais, as que as veces en rápidas son habituais.

Julia Arcos e Manuel Garcia (actualizado a 26 de setembro)